

# **Programación de Lingua Inglesa**

**4º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Belén M<sup>a</sup> Estrada García**

(Daniel Regueiro Pérez por sustitución)

**Eva M<sup>a</sup> Fernández Torres**

**Curso 2022-2023**

# INDICE

0. INTRODUCCIÓN.....	3
1. OBXECTIVOS.....	3
2. COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS .....	4
Competencia en comunicación lingüística .....	4
Competencia dixital .....	4
Competencias sociais e cívicas .....	5
Conciencia e expresións culturais.....	6
Aprender a aprender .....	7
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.....	8
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ..	8
3. CONTIDOS.....	9
4. AVALIACIÓN.....	15
4.1 Procedementos de avaliación.....	15
4.2 Criterios de avaliación.....	16
4.3 Patróns de aprendizaxe medibles.....	19
4.4 Elementos da avaliación.....	22
4.5 Indicadores de logro.....	38
5. METODOLOXÍA.....	39
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	42
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	43
8. GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	44
9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR.....	44

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	45
11. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	45
12. NORMATIVA.....	46

## **0. INTRODUCCIÓN**

### **1. Descrición e análise da contorna**

#### **1.1 ENTORNO FÍSICO**

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

##### **1.1.1 CONCELLO DE MIÑO**

###### **ASPECTOS FÍSICOS**

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km<sup>2</sup> ten unha densidade de poboación de 187 hab./km<sup>2</sup> e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente). Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Callobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar

de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14º C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

### ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedícanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

### **2. O centro escolar**

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 6 aulas dedicadas a Educación Infantil, 13 a Educación Primaria, 10 a Educación Secundaria, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, 1 de Informática, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. A biblioteca vaise empregar en parte do horario como aula de desdobre.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmajor (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmajor. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros.

## **1. OBXECTIVOS**

- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
  
- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
  
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
  
- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
  
- Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.
  
- Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
  
- Aprender a usar con progresiva autonomía tódolos medios ao seu dispor, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
  
- Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

## 2. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A área de Lingua Estranxeira repercute no desenvolvemento global das competencias clave que queremos acadar no noso alumnado. As actividades que se desenvolverán neste sentido terán características diversas, dependendo da competencia ou competencias que se queiran traballar con ela. A modo xeral, podemos dicir que se utilizarán os seguintes criterios para a súa realización ou selección.

### ▪ **Competencia na comunicación lingüística:**

A finalidade última desta competencia é a de empregar a linguaxe para a comprensión da realidade, para a construción do pensamento e expresión das emocións a través da comunicación oral e escrita. Por todo iso a área de linguas estranxeiras na etapa de educación primaria contribúe á adquisición de dita competencia porque:

Permite a comprensión de realidades diferentes á propia, a comparación das mesmas, a sensibilización cara ás desigualdades e a valoración da propia identidade.

Facilita a adquisición dun pensamento crítico.

Activa a expresión noutras linguas diferentes á propia e o coñecemento das convencións comunicativas propias da lingua estranxeira.

Fomenta o interese por coñecer, a través das mensaxes transmitidas nas diferentes linguaxes, outras culturas e xentes.

Permite dialogar, consensuar e finalmente producir de forma colaborativa.

Contribúe ao desenvolvemento da autoestima e da confianza nas propias habilidades para aprender e dar a coñecer a súa identidade.

Activa as estratexias de comprensión, reflexión e elaboración de mensaxes na propia lingua e capacita para transferilas ás necesidades que supoñen a aprendizaxe de novas linguas.

Enriquece ao dar a oportunidade de coñecer e comunicarse con outros nenos e nenas de diferentes lugares do mundo.

Diverte ao dar acceso á comprensión de mensaxes motivadoras e facilitar a integración en actividades lúdicas.

Ensina as habilidades propiamente lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir na lingua estranxeira en situacións significativas, a través de diversas fontes e formatos.

### ▪ **Competencia dixital:**

A área de Linguas Estranxeiras contribúe á adquisición desta competencia posto que:

Parte das mensaxes empregadas para a aprendizaxe dunha nova lingua proceden dos medios da comunicación e a información. A comprensión e interpretación de ditas mensaxes nos seus aspectos formais e de significado, a busca de información de interese e a produción verbal a través destes medios son de gran axuda para acadar esta competencia.

Aporta destrezas de autoaprendizaxe e autoavaliación : emprego de dicionario virtuais, comprobación e contraste de información en webs infantís, correctores ortográficos... Contribúe, pois, a acadar a competencia dixital en tanto que integra as TIC como instrumento de traballo.

A expresión oral e escrita a través de mensaxes variadas con diferentes linguaxes e formatos é práctica frecuente para a adquisición dunha lingua estranxeira. A metodoloxía empregada para a adquisición da nova lingua aproveita as posibilidades multimedia para motivar, incentivar e facer participar ao alumnado de forma significativa, aportando situacións diversas de comunicación nas que o uso das TIC é básico :creación colaborativa de contos multimedia, gravacións de dramatizacións, karaokes, play-backs...

Ademáis *Great Explorers* presenta un *Songs CD* para que cada alumno/a poda practicar a pronunciación mediante as súas cancións.

Presenta tamén a posibilidade de conectarse a Internet e realizar de forma interactiva xogos na *Oxford Online Learning Zone*. *Great Explorers* ofrece un *Teacher's Resource CD-ROM* que contén una ampla variedade de materiais que facilitarán a labor do profesor e axudarán a reforzar la materia traballada.

▪ **Competencias sociais e cívicas:**

A área de Linguas Estranxeiras contribúe ao desenvolvemento desta competencia porque:

O consenso nas tarefas, a busca de solucións ante un conflito, a sensibilidade cara aos sentimentos, cara a participación e creación dos demais acádanse grazas á comunicación verbal e non verbal, base da área en cuestión.

Achega aos nenos e nenas outra lingua diferente da propia, e promove o respecto cara á realidade plurilingüe.

A nova lingua de estudo está intimamente ligada a unha cultura e forma de vida diferente da propia , a súa adquisición supón tamén o coñecemento e respecto doutra cultura, aspecto básico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.

Facilita o coñecemento doutras formas de pensar, actuar e vivir, reducindo estereotipos e valorando a diversidade como forma de enriquecemento.

Axuda a que o alumnado comprenda, dialogue e colabore na aceptación de normas chegando a acadar un compromiso real na aula que máis tarde será transferido á sociedade.

Promove a creación de mensaxes sobre temas decididos de interese para o grupo (diálogo e acordo), elaborados de forma colaborativa, e nos que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo, para logo ser compartidos polo resto da clase. Valora, pois, o diálogo entre iguais como medio de aprendizaxe compartida, fundamental para acadar esta competencia.

Ensina a adoptar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación e identificar certos valores, estereotipos e mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.

Facilita a relación e comunicación con compañeiros e compañeiras doutros países.

Atende á transversalidade, integrando nas mensaxes, estratexias, instrumentos e metodoloxía aspectos relacionados co medio ambiente, coa resolución de conflitos, coa valoración da propia identidade, coas diferenzas sociais...

As historietas, por outra parte, fomentan habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, etc.

#### ▪ **Conciencia e expresións culturais:**

A competencia implica apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas como parte do patrimonio cultural e usalas como fonte de goce e enriquecemento persoal. A área de Linguas Estranxeiras fomenta a adquisición da competencia posto que:

Recorre con moita frecuencia á presentación e utilización dos diferentes medios de expresión para o ensino da nova lingua: música- cancións reais e adaptadas-, artes visuais –traballos creativos seguindo instrucións, fotografías..., artes escénicas- dramatizacións de contos, teatro de sombras, mímica, danzas..., achegando ao alumnado o mundo da expresión artística.

Familiariza aos nenos e nenas coas diversas manifestacións da literatura oral popular: contos, retahílas, poemas, sortes de botar, canción, lendas..., e fomenta a memorización e uso das mesmas.

Participa do estudo e coñecemento das convencións artístico-literarias das diversas mensaxes analizadas (lectura e significado das imaxes para expresar significados diferentes, o efecto da música, da expresión corporal...).

Aporta ao alumnado algúns elementos culturais do país/países nos que se fala a lingua estudada, moitos deles de carácter artístico: tradicións, festivais, manifestacións artísticas visuais, musicais... e facilita a identificación de elementos semellantes e diferentes á propia realidade.

Fomenta o interese por transmitir a cultura propia coas súas manifestacións artísticas a outros nenos e nenas, o que leva a fixarse e valorar máis detidamente a propia cultura. Favorece o sentido estético ao empregar guías e modelos procedentes dos diferentes medios de expresión artística para producir mensaxes próximos aos nenos e nenas na lingua estranxeira.

O libro ofrece en todas as unidades a posibilidade de poder expresarse ben mediante escenificacións, *cut outs*, cancións, representacións e expresións de forma escrita tanto no libro do alumno como no das actividades.

#### ▪ **Aprender a aprender:**

Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuala de forma autónoma, neste sentido a área de linguas estranxeiras contribúe a esta competencia porque:

A reflexión sobre a aprendizaxe da nova lingua mobiliza a adopción de estratexias de axuda acordes coas necesidades de comunicación: activa as asociacións, deducións, relacións, recursos memorísticos, borradores, inferencias..., todos eles, elementos necesarios para iniciarse nesta competencia.

O contacto continuado coa lingua estranxeira desemboca na identificación das estratexias e recursos que fan posible a aprendizaxe de cada neno ou nena facendo posible a autoaprendizaxe.

Atende ao erro como parte do proceso de aprendizaxe, fomentando a aceptación do mesmo e a intención por superalo

Favorece a organización, tanto a nivel individual como grupal alentando a planificación, revisión e autoavaliación así como o dialogo e a negociación para chegar a acordos dentro do grupo.

Inicia e regula o emprego progresivo de recursos de aprendizaxe tales como os dicionarios, libros de consulta, correctores ortográficos, produtos multimedia, internet...

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

Esta competencia refírese á capacidade decidir e de levar adiante ditas iniciativas con responsabilidade. A lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia xa que:

Favorece a expresión sincera de emocións e sentimentos, a resposta empática e a escoita activa.

Promove o traballo colaborativo e fomenta a planificación, consenso, toma de decisións tanto individual como colectivamente e a revisión de tarefas así como a responsabilidade pola participación e polo traballo.

Aporta modelos creativos e diferentes dos propios polo que se vai alimentando a creatividade, as ideas que máis tarde se han de transformar en actos recoñecidos e valorados por todas as persoas, fomentando desta forma a autoestima.

Desenrola o xuízo crítico, a sensibilidade cara á discriminación e ás diferenzas polo que aporta ás de liberdade cara a toma de decisións futuras.

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se ten en conta dentro dos diferentes niveis de *Great Explorer*, xa que o método axuda aos alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, das páxinas de *Let's explore*, que se presentan en tódalas unidades.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

A área de linguas estranxeiras contribúe ao desenvolvemento desta competencia na medida en que:

Fomenta o razoamento matemático ao interpretar informacións diversas a través de símbolos, táboas, gráficos...

Na aprendizaxe da lingua estranxeira son fundamentais a comprensión e produción de plans, instrucións, enquisas... así como organizar información, emprender procesos, comprender localizacións... que son destrezas estreitamente ligadas coa competencia matemática.

O achegamento a unha lingua estranxeira debe facerse a través de diversas rutas e empregando multitude de recursos para acadar unha competencia real e efectiva. Tantas variables conducen invariablemente a un proceso de razoamento, propio desta

competencia, coa finalidade de poder aprehender, extrapolar e aplicar os coñecementos aprendidos.

Integra coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia na maior parte das ferramentas metodolóxicas empregadas para a aprendizaxe da nova lingua: nos contos e sobre todo na interacción verbal que xurde a partir dos mesmos, nas simulacións e dramatizacións, na aprendizaxe de novo vocabulario asociado a movemento, na lectura resolutiva...

### **3. CONTIDOS**

Os contidos que conforman esta materia agrúpanse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Estes catro bloques, relacionados cos dos centros de atención específicos: a linguaxe oral a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

#### **▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.
- Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.
- Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).
- Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.

- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

## ▪ **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
  - Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.
- Execución:
  - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
  - Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..
  - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
  - Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.
  - Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
  - Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.
  - Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.
  - Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:

- Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.
- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).
- Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical..

### ▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

#### B3.1. Estratexias de comprensión:

- Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.
- Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.
- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.
- Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula...
- Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.
- Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).

#### B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.
- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

## ▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

### B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
  - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ...
  - Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.
- Execución:
  - Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.
  - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.
  - Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.
  - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.
  - Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.
  - Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.
  - Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.
  - Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).
  - Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

### B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Uso dos signos de puntuación máis básicos.
- Uso de símbolos de uso frecuente: €, £.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

## ▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

#### B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.
- Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.

#### B5.2. Funcións comunicativas:

- Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.
- Descrición das rutinas diarias.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión básica de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
- Expresión de instrucións.

- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

### B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas:

- Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).
- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is...).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
- Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No I haven't).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it ?, It's (Half) past (one)...).
- Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o'clock) on (Monday)).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can; No I can't).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?).

- Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
- Expresión de instrucións (Touch your (legs), Listen, please...).
- Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa.

#### **4. AVALIACIÓN**

En función do obxectivo que perseguimos ao avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando procedan). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non cualificada) e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

O grao de consecución dos obxectivos terá en conta as probas tanto orais como escritas, a participación, a actitude, o traballo diario, a conduta, o comportamento e a presentación das tarefas.

##### **4.1 Procedementos de avaliación**

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguimento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na

expresión e autoavaliación entre outros. E os da avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia. Respecto á avaliación por competencias, dado que estas son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis, analízalas para lograr que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, e é o que chamamos indicadores. Para a súa referencia, inclúese na seguinte sección o listado tanto dos criterios de avaliación coma dos indicadores de Competencias clave.

## **4.2 Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o cuarto curso de Educación primaria na área de lingua estranxeira, organizados en catro grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, son os seguintes:

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.

B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.

B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

### ▪ **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións

e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).

B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.

B2.3. Valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación.

B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

### ▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.

### ▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.

B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.

## ▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.

B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.

B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.

B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.

B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.

B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.

B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).

B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.

B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)

B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade

### **4.3 Estándares de aprendizaxe avaliáveis**

Os estándares de aprendizaxe organízanse en catro grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Recollemos a continuación o lexislado:

#### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade..
  - PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
  - PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
  - PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
  - PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
- **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**
    - PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
    - PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás
    - PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
    - PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
    - PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.
    - PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
    - PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**
    - PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
    - PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de

apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.

- PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira
- PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.
- PLB3.5. Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.
- PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.
- PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
- PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
- PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos).
- PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
- PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.
- PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.

- PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.
  - PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
  - PLEB4.10. Amona interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.
- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**
- PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
  - PLEB5.2. Amona curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
  - PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente
  - PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
  - PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...
  - PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ).
  - PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
  - PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
  - PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
  - PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.
  - PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
  - PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

#### 4.4 Elementos de avaliación

Existe unha relación entre distintos elementos do currículo que interveñen no proceso de avaliación: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias clave e indicadores. Na seguinte táboa recolleemos estes elementos seguindo a organización en catro bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

#### 1. Competencia en comunicación lingüística (CL)

Indicadores
CL1. ESCOITAR
CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas co seu entorno mais cotián.
CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entonación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.
CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.
CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.
CL1.5. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.
CL2. FALAR
CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.
CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.
CL2.3. Participa en representacións sinxelas.
CL3. CONVERSAR
CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles.
CL4. LER
CL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o sentido global do mesmo.
CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información mais importante.
CL4.3. Ler textos simples sobre temas coñecidos utilizando a información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa.
CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese.
CL5. ESCRIBIR
CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.
CL5.2. Escribe textos referentes á situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos simples para transmitir información con diversas intencións comunicativas.

#### 2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)

Indicadores
CMCT1. Resolve problemas sinxelos sobre situacións familiares.
CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá empregando os gráficos estadísticos mais axeitados á situación, táboa ou gráfica.
CMCT3. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.
CMCT4. Recoñece as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, chan, clima, vexetación) e as formas de vida e actuacións das persoas.

### 3. Competencia dixital (CD)

Indicadores
CD1. Busca e recopila información sobre temas coñecidos en soporte dixital.
CD2. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

### 4. Aprender a aprender (AA)

Indicadores
AA1. Use algunhas estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios bilingües visuais.
AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación.
AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe.

### 5. Competencias sociais e cívicas (SC)

Indicadores
SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles.
SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra.
SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira.
SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.

### 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

Indicadores
SIEE1. Busca e recopila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.
SIEE2. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.

### 7. Conciencia e expresións culturais (CEC).

Indicadores
CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.
CEC2. Identifica algunhas tradicións de países onde se fala a lingua estranxeira.

CEC3. Emprega técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos artísticos.

CEC4. Participa na elaboración de composicións grupais empregando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos.

**Elementos da avaliación:**

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.</li> <li>– Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.</li> <li>– Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</li> <li>– Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas,</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.</li> <li>▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.</li> <li>▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</li> <li>▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</li> <li>▪ PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</li> <li>▪ PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións)de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</li> <li>- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Padróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.</li> </ul>
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS			

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</li> </ul> </li> <li>– Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</li> <li>– Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..</li> <li>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</li> <li>– Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).</li> <li>▪ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</li> <li>▪ B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</li> <li>▪ B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.</li> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.</li> <li>▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> <li>▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).</li> <li>▪ PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.</li> <li>▪ PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>previamente traballadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.</li> <li>- Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.</li> <li>- Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.</li> <li>- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.</li> <li>- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).</li> <li>- Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.</li> <li>– Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.</li> <li>– Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</li> <li>– Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula...</li> <li>– Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</li> <li>– Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</li> <li>▪ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</li> <li>▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</li> <li>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.</li> <li>▪ PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</li> <li>▪ PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.</li> <li>▪ PLB3.5. Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.</li> <li>▪ PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.</li> <li>▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.</li> <li>- Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).</li> <li>▪ B3.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.</li> <li>- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seleccionar o tipo de texto que se vai</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>producir: conto, notas, dramatizacións ...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciar no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.</li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.</li> <li>- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.</li> </ul> </li> </ul>	<p>as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</li> <li>▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</li> <li>▪ B4.8. Iniciar no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</li> <li>▪ PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos).</li> <li>▪ PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.</li> <li>- Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.</li> <li>- Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.</li> <li>- Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</li> <li>▪ PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.</li> <li>▪ PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>ou tratando de recordar a súa forma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.</li> <li>- Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).</li> <li>- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dos signos de puntuación máis básicos.</li> <li>- Uso de símbolos de uso frecuente: €, £.</li> <li>- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.</li> <li>▪ PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</li> <li>▪ PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</li> </ul>
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL			

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.</li> <li>– Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.</li> <li>– Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.</li> <li>– Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.2. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</li> <li>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.</li> <li>– Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.</li> <li>– Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</li> <li>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.</li> <li>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.</li> <li>▪ B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</li> <li>▪ B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.</li> <li>▪ B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.</li> <li>▪ B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.</li> <li>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</li> <li>▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</li> </ul> <hr/> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</li> </ul> <hr/> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.</li> <li>- Descrición das rutinas diarias.</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.</li> <li>- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.</li> <li>- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.</li> <li>- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.</li> <li>- Descrición de persoas, plantas e animais.</li> <li>- Expresión básica de desexos.</li> <li>- Formulación de preguntas sobre o desexo.</li> </ul>	<p>básicas e os seus significados asociados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).</li> <li>▪ B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</li> <li>▪ B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</li> <li>▪ B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)</li> <li>▪ B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</li> <li>▪ PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...</li> <li>▪ PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).</li> <li>▪ PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</li> <li>▪ PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</li> <li>▪ PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</li> <li>▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de instrucións.</li> <li>- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.</li> <li>▪ B1.4. Estructuras sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is...).</li> <li>- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.</li> <li>- Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No I haven't).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it ?, It's (Half) past (one)...).</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</li> <li>▪ PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>Expresión de desexos (I want to (make a cake)).</p> <p>Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).</p> <p>Expresión de instrucións (Touch your (legs), Listen, please...).</p> <p>Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...).</p> <p>Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).</p> <p>B5.3. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa.</p>	▪	▪

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	CURSO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

- Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o'clock) on (Monday)).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't)
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can; No I can't).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?).

#### 4.5 Indicadores de logro.

Os indicadores de logro que empregaremos son:

- Observación sistemática.

- Probas orais, escritas ou gráficas para demostrar a comprensión.
- Análise das producións dos alumnos.
- Fichas de seguimento.
- Observación das condutas en xogos, grupos, debates, saídas.
- Conversas, autoavaliacións.

**Por porcentaxes a valoración queda así:**

Criterios	Porcentaxe
Probas escritas/orais	50 %
Traballo/esforzo na aula (individual)	20,00%
Participación e esforzo en proxectos (grupal)	10,00%
Traballo individual na casa.	10 %
Actúa de acordo ás normas xerais. Trae e coida o material.	10 %

## 5. METODOLOXÍA

Ao falar de linguas compre achegarnos ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (documento elaborado polo Consello de Europa), que partindo da valoración das diversas linguas e culturas, promove o coñecemento das mesmas coa finalidade de favorecer a comunicación entre iguais, eliminar barreiras, prexuizos e estereotipos e enriquecer persoalmente ás nenas e aos nenos. Ao mesmo tempo, proporciona tamén unha base común de referencia para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais e materiais de ensino en Europa e marca os niveis e estadios polos que as persoas pasan no proceso da adquisición de linguas.

O Consello de Europa non propón unha liña metodolóxica concreta a levar a cabo senón que presenta os diferentes enfoques que dependendo das variables presentes no proceso de ensino aprendizaxe serán máis valiosos nun determinado

contexto e momento. A posta en práctica do enfoque escollido atenderá entón aos obxectivos propostos e ás persoas inmersas no seu contexto.

Na educación primaria consideramos que o enfoque comunicativo dirixirá a comunicación oral, obxectivo prioritario nesta etapa, e a motivación sentará as bases para a aprendizaxe, facendo que a atención sexa máis intensa, a aprendizaxe mais rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira, a sociedade e a cultura que esta implica. Será unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo e na resolución de problemas, evitando o traballo analítico e favorecendo en todo momento a participación e implicación activa dos nenos e das nenas, coa finalidade de lograr aprendizaxes eficaces dende o punto de vista cognitivo, comunicativo e socio-afectivo.

As achegas das diferentes correntes pedagóxicas e psicolóxicas (construtivismo, intelixencia emocional...), que acentúan a importancia da significatividade, interdiscipliniedade e globalización das aprendizaxes promove unha forma de ensino na que a persoa aprendiz convértese en axente activo na construción da aprendizaxe, polo que o currículo debe mutar reducindo contidos, reestructurándose ou ampliándose en función das persoas implicadas no proceso, dos intereses das mesmas, do contorno...

Unha das novidades metodolóxicas no estudo das linguas estranxeiras presentes no novo currículo parte da aplicación do enfoque metodolóxico da lingüística aplicada: AICLE (Aprendizaxe Integrado de Linguas Estranxeiras e outros Contidos Curriculares) que invita ao estudo doutras materias como as ciencias, a educación física, a educación artística, a educación para a cidadanía... nunha lingua distinta da propia, é dicir empregando como instrumento de comunicación a lingua estranxeira. O énfase desta metodoloxía recae na significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na experimentación, no “aprender facendo”. Por iso, a lingua obxecto de estudo convértese nun instrumento, nun fío condutor que imperceptiblemente vai calando e empapando a aprendizaxe ata acadar a meta final.

Neste modelo de integración curricular o enfoque dos contidos é globalizador, o traballo debe xirar fundamentalmente en torno ás tarefas realizadas en grupo, nas que cada nena e cada neno constrúe a súa propia aprendizaxe e ten un rol determinante para a consecución final das mesmas. As destrezas básicas máis desenvolvidas serán as receptivas e priorizarase o uso comunicativo e funcional da lingua posto que ao

espertar o interese do alumnado cara ao proceso de aprendizaxe se lle fai participar activamente no mesmo.

A metodoloxía a empregar no ensino das linguas estranxeiras abranguerá un mundo moito máis complexo, un lugar onde as TIC cobran relevancia en todos os aspectos, un espazo no que será necesario o coñecemento das linguaxes presentes na vida cotiá, na escola, na rúa... para conseguir que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas críticas fronte aos medios e fronte á súa propia realidade e para botar a andar a persoas receptoras, participativas, capaces de dar resposta ás múltiples mensaxes que recibe e creadoras das súas propias mensaxes.

A aprendizaxe da nova lingua será, nos primeiros niveis, intuitiva. Tentaremos que os nenos e nenas se somerxan na lingua sen medo presentándolles mensaxes reais ou adaptadas vinculadas aos seus intereses: producións multimedia nas que teñan que interaccionar, fotografías, contos, dramatizacións, vídeos, cancións, xogos..., e aproveitaremos calquera situación da vida cotiá que consideren interesante: alguén cunha nova que contar, celebración dun aniversario, algo que traen á escola... A variedade das producións ou modelos presentados será fundamental non só para manter a motivación senón tamén para atender ás diferencias de nivel e de formas de aprender.

É indiscutible o encanto e atractivo que teñen os contos en todas as culturas, a maxia que aporta ao mundo infantil estimula e motiva a aprendizaxe nas primeiras idades a través das repeticións e memorizacións, das asociacións coas imaxes, das dramatizacións e das manifestacións artísticas derivadas dos mesmos, por iso o emprego de contos en formato multimedia ou en papel será unha práctica habitual na metodoloxía do ensino dunha lingua estranxeira nesta etapa de primaria, asentando a motivación cara a nova lingua nos primeiros cursos, e mellorando posteriormente a comprensión e expresión oral e a fluidez na lectura e na comprensión escrita.

Así mesmo, a utilización de contos conducen a unha interiorización das linguaxes nas que son presentados e a posterior recreación das mesmas fomentando a valoración lingüística e cultural da lingua estranxeira. Supoñen, tamén, unha valiosa achega ao desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe de escoita selectiva na que non é necesario comprender todo para captar o sentido do conto e ás técnicas de predición e

busca de significados no contexto converténdose nun valioso instrumento que favorecerá a adquisición das competencias básicas.

Outra das estratexias máis exitosas para a aprendizaxe dun novo idioma na educación primaria consiste en recrear situacións e contextos nos que o alumnado teña que dar resposta actuando: Resposta Física Total (TPR. Total Physical Response). Por iso as interaccións que aparecen durante a práctica dos xogos, actividades plásticas, artísticas, musicais e físico deportivas revélanse como valiosos instrumentos cognitivos para a adquisición da competencia comunicativa na nova lingua ao tempo que fomentan a valoración positiva que cada persoa ten de si mesma, a iniciativa persoal, a cohesión no grupo e por tanto a prevención de conflitos e a atención e respecto ás diferenzas.

Unha poderosa ferramenta a utilizar para a comprensión de moitas das estruturas gramaticais é o emprego da forma imperativa na nova lingua. Esta, contextualízase en actividades próximas aos intereses do grupo co que estamos a traballar: aprendizaxe dun novo xogo ou deporte, simulación dun rol determinado nunha dramatización, elaboración dun collage, dominio dun baile, experimento..., sempre empregadas en situacións funcionais de comunicación.

Programaremos e planificaremos a nosa actividade docente sabendo que os nosos alumnos e nosas alumnas aprenden de formas diversas. Atendendo aos diferentes tipos de intelixencia axudaremos a que todo o alumnado, en maior ou menor medida, adquiran o coñecemento e as competencias clave para comunicarse na nova lingua, evite o rexeitamento cara a outro idioma e cultura, e reforce a súa autoestima ao participar en actividades con moitas posibilidades de éxito.

A metodoloxía das clases de lingua estranxeira conducirá tamén á adquisición dunha autonomía crecente que se acadará primeiro aprendendo a empregar as axudas externas (dicionarios, internet, bancos de recursos da aula...) e as internas (reflexión no uso da lingua, autoavaliacións, cartafol...); e en segundo lugar reinventando producións orais e escritas en diversos formatos, imprescindibles para o coñecemento metalingüístico.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- O libro de texto *Go 4 (Ed. Richmond): Student's Pack e Activity Book*.
- Fichas fotocopiáveis
- Dicionarios

- Póster de rutinas diarias
- Material da mestra: *flashcards, word cards, story cards, posters*
- Realia
- Material auténtico como contos, revistas e xogos
- I-solutions con recursos interactivos
- CDs de cancións
- DVDs con historias axeitadas
- Ordenador e CD-ROM con actividades interactivas
- Encerado dixital

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O ensino da nova lingua estará en consonancia cos procesos de aprendizaxe do alumnado. Non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma nin coa mesma rapidez. Non todos teñen as mesmas habilidades, nin parten de mundos iguais, nin posúen os mesmos coñecementos previos, etc.

É necesario, polo tanto, prestarlle atención a esta diversidade se se pretende que todo o alumnado se vexa inmerso nun proceso de ensinoaprendizaxe adecuado ás súas características. Ninguén deberá sentir que non avanza todo o que pode, polo tanto, atenderase constantemente a estas diferenzas presentando as actividades de forma diversa, modificándoas ou mesmo facéndoas desaparecer e creando outras máis oportunas. Incluirei, polo tanto, actividades de ampliación, para os máis avanzados, coma de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Nos diferentes materiais curriculares que aporto ao alumnado desenvólvese un proceso continuo de reciclaxe e de revisión dos contidos. Parto dun enfoque da lingua como algo cíclico e non lineal, polo que as actividades levadas a cabo permitirán que o alumnado incorpore o adquirido na súa memoria a longo prazo, e que aqueles nenos/as que non captasen algún contido porque o seu nivel madurativo non era o apropiado, o poidan adquirir posteriormente cando se recicle noutro contexto. Desta forma haberá unha revisión constante de contidos durante todo o ciclo.

Por outra parte os contidos básicos repetiránse en contextos e situacións diferentes; isto permitirá que, sen perder nin a motivación nin o interese, se estean realizando tarefas diferentes ás propostas anteriormente, aínda que inclúan conceptos e procedementos xa traballados.

Desta forma as diferentes medidas inclúen: atender aos diferentes tempos e ritmos de aprendizaxe, variar a metodoloxía en función das necesidades facéndoa máis personalizada, reforzar as técnicas de aprendizaxe, facer fincapé nos procedementos, hábitos e actitudes para iniciarse na competencia comunicativa, proporcionar contidos e material de ampliación e de reforzo.

## **8. GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

Os **mínimos esixidos** para promocionar serán os seguintes:

- Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.
- Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas.
- Recoñece o léxico principal, identificando palabras e frases esenciais.
- Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos.
- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.
- Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dunha historia sinxela.
- Escribe frases sinxelas traballadas previamente de forma oral.
- Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos e escribir con léxico traballado de forma oral.
- Coñece algúns aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

## **9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR.**

A achega que se pode facer dende esta área para a mellora e o fomento da lectura é fundamental. Por unha banda, é un dos pilares básicos para a mellora na propia competencia na lingua estranxeira. Pola outra, as estratexias que se desenvolven ao ler noutra lingua son moi útiles para a propia.

Dentro da aula de Inglés realizaremos actividades de fomento da lectura como:

- escoitar e gozar do relato de contos axeitados ao seu nivel de Inglés.
- Ler e escoitar as breves historietas do libro de texto.
- Etiquetar os obxectos da aula.
- Expoñer na clase tarxetas coa linguaxe necesaria para practicar as rutinas diarias.
- Deducir o significado de palabras descoñecidas polo contexto.
- Uso de contos na aula.
- Garantir a disposición no aula da maior cantidade e variedade de textos.
- Permitir aos alumnos seleccionar os textos de acordo ás súas necesidades.
- Favorecer que os alumnos activen e desenvolvan os seus coñecementos previos.
- Ler en voz alta para os alumnos.
- Dar importancia á lectura silenciosa.
- Permitir que o alumno busque por si só a información, xerarquice ideas e oriéntese dentro dun texto.
- Relacionar a información do texto coas súas propias vivencias, cos seus coñecementos, con outros textos, etc.

## **10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A Orde do 28 de maio de 2018 (DOG do 8 de xuño) que establece o calendario escolar fixa as conmemoracións de obrigada celebración nos centros e que se tentarán de adaptar a asignatura de lingua inglesa:

- Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Día escolar da non Violencia e da Paz.

- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Semana da Prensa.
- Día Mundial da Saúde.
- Semana do libro.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Día Mundial do Medio Ambiente.

Así mesmo as actividades complementarias que realizarán os alumnos e alumnas aparecen recollidas na Programación Xeral Anual do centro e son entre outras:

- Saídas didácticas relacionadas co proxecto didáctico integrado que se desenvolve dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Actividades de animación á lectura organizadas pola encargada da biblioteca.
- Actividades programadas polo EDLG.
- Actividades Extraescolares: O alumnado participa en diversas actividades extraescolares organizadas polo Concello
- Saídas pola contorna para realizar traballos de limpeza nas praias.
- Concienciación e colaboración como voluntarios de recollida de alimentos. Colaborando con dito organismo.
- Participación no programa EduExchange en liña co alumnado de 6º de EP.
- Participación en obradoiros de reciclaxe, de cocina, etc.
- Participación no programa de Cubicaxe. Reutilización e diminución dos plásticos, así como, manter limpa a nosa contorna.

## **11. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.**

No desenvolvemento da programación iremos vendo se é preciso adaptala e facer cambios para axustarse ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Teremos en conta:

- Aplica criterios de avaliación de acordo co establecido no Proxecto curricular, considerando a diversidade dos alumnos/as e o equilibrio entre os contidos.
- Emprega a avaliación dentro do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de conducir o mesmo.

- Adecúa o proceso de ensino-aprendizaxe aos alumnos/as.
- Traballa con obxectivos axeitados á idade e capacidade do alumnado ao que vai dirixido.
- A secuencia de contidos vai encamiñada á consecución das Competencias Clave.
- Posúe criterios de cualificación.
- Inclúe o uso das TIC.
- Incorpora os diferentes plans e proxectos.
- Posúe contextualización.

## **12. NORMATIVA.**

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.